


CARTACES DO **CINECLUBE DE COMPOSTELA** (2001-2011)

edita:
Cineclube de Compostela, 2011

cartaces:
Nadina Bértolo, Juan David Díaz,
X. Carlos Hidalgo, Ramiro Ledo, Xoel Méndez

textos:
Antonio Doñate, Margarita Ledo Andión

corrección e tradución:
Ana Salgado

coordinación:
Pablo Cayuela, Iván Cuevas, Xan Gómez Viñas,
X.Carlos Hidalgo, Daniel Salgado

deseño e maquetación:
Nadina Bértolo

imprime:
Sacauntos

D.L.: C 1558-2011

Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons
Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 3.0 Unported

O cartaz como ligame

Margarita Ledo Andión

Teño a carta número 19 do Cineclube de Compostela, no ano 2001/2002, cando a súa sé era a Facultade de Ciencias da Comunicación porque os animadores e animadoras iniciais era persoas que, para alén de iren ao mesmo bar, querían ser xornalistas. A súa posta en escena fíxose, dende o comén, a traveso do cartaz que, a partir da noite do mércores –as sesións, daquela, eran os martes– aparecían nas portas das aulas, na fotocopiadora, nos espazos para anuncios culturais, por exemplo ao pé da billeteira do Teatro Principal, ou no senfín de portas sen dono que configuran a cidade antiga.

Agora, para inscribirse nesta temporalidade singular de 10 anos de cinema intersticial, cubrindo os ocos dos case que inexistentes circuítos comerciais, o Cineclube edita esta sorte de pezas de aprendizaxe que son os cartaces. E aínda que no ronsel das prácticas colectivas e da idea igualitaria que congrega cineclubistas, os cartaces non aparecen asinados, a disciplina da súa realización debémoslla a unha *troupe* diversa, en ocasións incidental, que vai do rigor, branco sobre preto, de Ramiro Ledo Cordeiro, ao trazo de Xoel Méndez, o reclamo para o cinema na rúa de Nadina Bértolo, a serie de Juan David Díaz e, de maneira continuada, as propostas de Xosé Carlos Hidalgo nos últimos anos.

Se fixermos unha entrada dende os principios do deseño e a lexibilidade, atopámonos cun rigor inusual canto á estrutura, esas constantes que poñen en relación a distribución horizontal do espazo da páxina, en formato estandar A3, co seu valor de uso: ao pé, unha faixa publicitaria para os socios protectores –Be-

rro bambán + lugares de comes e bebes como o 13 ou o 16– e xusto enriba, desque a súa periodicidade é mensal, a información estábel do día, a hora, o lugar e o programa para as catro semanas. Os dous terzos superiores é o lugar da marca, da imaxe que simboliza ao tempo que representa o que se nos convoca para ver e os nomes dos e das cineastas.

Dende o punto de vista comunicativo, no que a forma é constitutiva, os cartaces do Cineclube de Compostela son a posta en discurso da consigna que identifica este acontecemento: partillar non é delito, a propiedade intelectual é un roubo. Estamos diante do valor incidental dun obxecto, dun artefacto-reclamo que nos lindes da tradición construtivista utiliza os medios a bordo, o baixo custo e a velocidade de reprodución: branco e preto; tipografía sen apoios, da estirpe racionalista dos vinte e dos cincuenta, da Futura e da Helvética, con variacións para a escrita manual, de apontamento urxente, como pegada dunha aparición; contraste radical figura-fondo para, nalgúns casos, conducirnos cara ás prácticas do esterxido militante nos muros máis o look-vietnamita, de obxecto múltiple que acolle corpo, materialidade, a través dun dispositivo accesíbel, para a textura final.

Existe unha pátina de reversibilidade texto/imaxe que apomos á intención ideolóxica de cada cartaz e que é o que denominamos conexións, ligames: para alén do significado cultural, político e social dos filmes –dende as propostas de Alberte Pagán ao cinema do pobo de Jorge Sanjinés ou as sesións que dan a coñecer movementos, autores e ensaios–, a estética destes cartaces que agora podemos contemplar trae canda si unha imaxe de mobilización e de resistencia que axiña nos sitúan no Maio do 68, aló, cando o fondo do ar era vermello e non puidemos ver ben o devir.

Longa vida ao cartaz!
Let us see cinema!